

Condições xerais de inscrición

1. Quen se pode inscribir

Poderán participar nas accións formativas todas as persoas de Galicia que ademais cumpran os requisitos esixidos para cada actividade formativa concreta.

2. Como inscribirse

A inscrición será exclusivamente a través da páxina web da Axencia (<https://acis.sergas.gal>).

3. Prazo de inscrición

Os prazos de inscrición indicaranse en cada actividade formativa.

4. Criterios de selección de alumnas/os

Os criterios de selección indicaranse en cada actividade formativa. Por norma xeral será por rigoroso orden de inscrición.

5. Publicación das listaxes de admitidas/os

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase na páxina web a listaxe provisional de admitidas/os e excluídas/os na acción formativa concreta, así como as causas da súa exclusión.

Enviarase unha SMS, a modo de recordatorio, ás/aos admitidas/os en cada acción formativa, sempre que se dispoña dun número de teléfono móbil. Listado dispoñible na páxina do curso.

6. Anulación de inscrición

Se a/o aspirante seleccionada/o para a realización dunha actividade formativa non pode asistir a ela, o deberá comunicar a Unidade de Docencia e Formación : docencia.formacion.lucusaugusti@sergas.es

7. Protección de datos

Os seus datos de carácter persoal serán tratados polo Servizo Galego de Saúde para ser incorporados ao tratamento "Xestión da formación", cuxa finalidade é, entre outras, a xestión e control das actividades formativas que organizan a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o resto de entidades que constitúen o Sistema sanitario público a profesorado, alumnado, alumnado en prácticas e asistentes a cursos. Esta finalidade é necesaria para o cumprimento dunha obriga legal.

Os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, pódense exercitar ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo San Lázaro, R/San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela ou no enderezo de correo electrónico dpd@sergas.gal

Pode consultar información máis detallada deste tratamento de datos no enderezo www.sergas.es/protecciondatos